



XANEIRO 2026

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Xaneiro 2026

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 26/25	Nº	Var. Int. 26/25
VIAXEIROS	5.948.424	3,0%	170.312	-6,1%
NOITES	17.395.903	3,4%	314.550	-0,3%
ESTADÍA MEDIA	2,92	0,3%	1,85	6,1%
% OCUPACIÓN	48,01%	0,51	23,60%	0,27
ADR	116,0 €	3,0%	61,0 €	6,1%
RevPAR	65,8 €	3,4%	18,2 €	12,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de xaneiro o INE estima que abriron en Galicia preto de 1.000 establecementos hoteleiros –cifra que descende un 2,2% en relación ao pasado ano 2025–, que ofertaron preto de 43 mil prazas –dato que en termos globais cae un 1,6%–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste primeiro mes de 2026:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de xaneiro algo máis de 170 mil viaxeiros aloxados e preto de 315 mil noites, cifras que presentan un comportamento variable en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites mantense estable, en niveis parellos aos do pasado ano, como consecuencia da confluencia de dous factores: caída da cifra de viaxeiros aloxados –do 6%– nun contexto de crecemento equivalente da estadía media –tamén do 6% neste caso–.
- Esta dinámica coloca o nivel de demanda deste ano non só en niveis parellos aos do pasado ano senón tamén en cifras similares ás de 2023 e 2024, con pequenas diferenzas que en ningún caso superan as oito mil pernoctacións. Desta maneira son catro anos consecutivos nos que o nivel de demanda do mes de xaneiro se mantén relativamente estable –nunha perspectiva de longo prazo–, en valores que ademais se sitúan por debaixo dos rexistrados xustamente antes da pandemia –en xaneiro de 2020 o número de noites marcaba un máximo da serie histórica con 340 mil–.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase en cambio un comportamento negativo, rexistrando un descenso do 6% que sitúa o volume final no contorno dos 170 mil, a cifra máis baixa dos últimos catro anos e inferior tamén ao nivel rexistrado en xaneiro de 2020 –xusto antes da pandemia–.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Boa parte delas, doce en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Navarra –cunha suba do 13%– e Aragón –cun crecemento do 10% interanual–. Acompaña neste grupo Baleares –rexistra tamén un incremento do contorno do 10%



neste caso-. No lado contrario a suba máis moderada localízase na C. Valenciana e en Castela e León -ambas do 1,3% interanual-.

- Dous destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano -Galicia e Asturias- mentres que os tres restantes presentan caídas en relación ao pasado ano -máis suave en Canarias, e de maior intensidade en Murca co descenso do 8% interanual-.
- Galicia colócase por tanto nunha posición baixa no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica estable-, cunha taxa de variación inferior á media do conxunto do Estado -onde se observa un crecemento medio do 3,4%-.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase no grupo de comunidades de comportamento negativo, coa taxa de variación máis baixa de todos os destinos. Presenta, por tanto, o descenso máis acusado da cifra de viaxeiros aloxados de toda España, nove puntos por debaixo da media do conxunto do Estado -onde se aprecia un incremento medio do 3%-.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na novena posición absorbendo o 1,8% do total estatal. Perde posicións respecto do observado nos últimos meses do pasado ano mais mantén o posto de xaneiro de 2025, consolidando a súa posición habitual no contexto estatal neste inicio de ano.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Canarias – lidera por terceira vez consecutiva o ranking estatal con preto de 6,2 millóns de noites-, Cataluña –con 2,6 millóns-, Andalucía -con case 2,5 millóns-, Madrid –con preto de 2,1 millóns- e a C. Valenciana -con 1,4 millóns de noites neste caso-.
- Estas cinco comunidades absorben o 85% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Canarias, que se coloca por terceira vez consecutiva desde abril como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Baleares que liderou o ranking de maio a outubro-, representa o 35% do total de España -porcentaxe superior á dos últimos meses-.
- A continuación deste grupo principal de cinco destinos sitúanse Castela e León, o País Vasco e Aragón -as tres con máis de 400 mil pernoctacións-, por diante de Galicia e das restantes comunidades autónomas.
- O 77% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 43% do total-. Así pois, case a metade das noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe levemente inferior á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 34%.
- Neste mes presenta menos volume e peso o mercado internacional pois representa o 23% do total da demanda hoteleira -segmento que por terceira vez consecutiva desde marzo do pasado ano non supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento variable a nivel de mercados. Así, en xaneiro mantense relativamente estable o turismo interno, dos residentes en Galicia, descende o receptor nacional -aquel que procede do resto do Estado- nun 5% e increméntase o internacional -nun 8,5% neste caso-.



- O comportamento estable da demanda hoteleira neste mes de xaneiro vén como consecuencia, por tanto, de contrapoñer dinámicas dispares dos tres grandes segmentos de mercado.
- Con esta dinámica o mercado internacional recupera a tendencia de crecementos observada nalgúns meses do pasado ano. Xa cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional rompe coa tendencia de caídas consecutivas rexistradas nos dous últimos anos -do 3% en 2024 e do 5% en 2025- para situarse preto das 71 mil pernoctacións -cifra similar ao máximo histórico rexistrado en 2023-. Recupera agora en 2026 o volume perdido nos dous últimos anos para manterse en niveis máximos da serie.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados polos principais mercados, algúns con notable intensidade. Así neste mes increméntase o turismo procedente de Portugal -primeiro mercado en orde de importancia-, que supera nun 2% o número de noites do pasado ano. Sobe tamén nos restantes mercados principais, con maior intensidade aquel con orixe nos Países Baixos -superan nun 50% o nivel de demanda do pasado ano, circunstancia que o coloca no terceiro lugar no ranking internacional-. Participan tamén desta dinámica positiva os restantes mercados principais, con subas do contorno do 6% para o estadounidense, francés e británico, e do 2% para o italiano.
- Dentro do grupo dos principais mercados marca a excepción o alemán pois amosa unha caída da demanda do 6,5%. Tal circunstancia coloca a este mercado en sétima posición en orde de importancia, perdendo varios postos respecto do que se observaba en meses anteriores.
- Apréciase, por tanto, un comportamento positivo e homoxéneo do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, se ben no caso do portugués consolida unha dinámica positiva logo de rexistrar caídas consecutivas de agosto a outubro do pasado ano. Destaca claramente en intensidade o incremento do mercado neerlandés.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento diferente pois o descenso deste ano contrasta cos crecementos rexistrados nos últimos catro, de 2022 a 2025. Tal circunstancia deixa o número de noites preto das 136 mil -cifra similar á de xaneiro de 2023 e inferior ao máximo da serie acadado en 2020, xusto antes da pandemia, con 145 mil noites-.
- Este último presenta unha dinámica variable dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade. O principal mercado -Madrid- presenta un comportamento positivo, superando nun 4% o número de noites do pasado ano. Engádense a esta dinámica os mercados catalán e asturiano -os dous con crecementos por encima do 4% interanual-. Descenden neste mes, en contraste cos anteriores, o mercado de Castela e León -nun 10%- así como o valenciano e vasco -ambos en máis dun 20%-.
- O turismo interno, coa estabilidade deste ano, deixa o volume de pernoctacións en 108 mil, cifra superior á dos últimos dous anos mais inferior á de 2023. Fica, tamén, por debaixo dos valores anteriores á pandemia, de 2017 e 2020, e mesmo tamén da segunda metade da primeira década deste século, de 2005 a 2012.



- As diferenzas na variación do número de noites provoca cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mantense relativamente estable o peso do mercado interno -con variación inferior ao medio punto porcentual-, perde peso o receptor nacional -en dous puntos porcentuais- e gaña cuota de mercado o internacional -tamén en dous puntos neste caso-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno mantense por segundo ano consecutivo no contorno do 34% do total das noites, porcentaxe que consolida o mínimo da serie histórica -xusto antes da pandemia situábase arredor do 40%, por exemplo-. O receptor nacional fica no contorno do 43% -a porcentaxe máis baixa dos últimos tres anos-, mentres que o internacional sobe neste inicio de 2026 ao 23% do total das noites hoteleiras -a porcentaxe máis alta da serie histórica-.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é neste caso variable. En síntese mellora unicamente en Ourense -presenta un notable crecemento do número de noites, do 27% en relación ao pasado ano-. O nivel de demanda mantense relativamente estable en Lugo e descende nas provincias do litoral atlántico -un 2% en A Coruña e un 5% en Pontevedra-.
- Co 47% das noites hoteleiras A Coruña lidera agora en xaneiro, por quinto mes consecutivo, o mercado turístico hoteleiro -substitúe a Pontevedra que no verán lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual nos meses de temporada media e baixa-. Segue a continuación xustamente Pontevedra, co 29%, por diante de Lugo e Ourense -co 13% e 11% do total, respectivamente-. Mantense agora en xaneiro a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 76% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto diferente entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén variable. Neste sentido apréciase unha dinámica positiva en dous segmentos concretos: nos hoteis de catro e cinco estrelas -que presentan un incremento do 8,2%- e naqueles de dúas estrelas -superan nun 2% o número de noites do pasado ano-. A demanda mantense estable nos hoteis de tres estrelas e descende nas tres restantes categorías -un 15% nos hoteis de unha estrela, un 3% nas pensións de unha estrela e un 30% nas pensións de tres e dúas estrelas-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda increméntase un 4% no conxunto dos hoteis mais descende un 22% nas pensións. Ambas tipoloxías amosan, por tanto, un comportamento dispar neste inicio de ano.
- O conxunto dos hoteis representa o 87% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe máis do 50% do total das noites-, ficando o 13% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,85 noites, cifra que supera nun 6% o dato do pasado ano. Contrasta isto cos descenso rexistrados nos últimos catro anos, forte en 2022 e máis suave no trienio 2023-25, circunstancia que permite regresar a valores de inicio desta década, e tamén do período previo á pandemia.
- Con todo, a estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado -supera neste mes o dato de seis destinos-. Canarias, con 6,7 noites, marca a



cifra máis elevada. No lado contrario o valor máis baixo queda en Estremadura, con 1,6 noites de media.

- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media apenas varía entre provincias. Tres delas rexistran de media 1,8 noites no segmento hoteleiro -Lugo, Ourense e Pontevedra- mentres que en A Coruña o valor ascende a 1,9 noites.
- Obsérvanse en cambio diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos tres últimos do pasado ano, e ao contrario do observado de marzo a setembro, a estadía media acada os valores máis altos nas pensións dunha estrela -con 3,3 noites-. Aquelas dunha estrela rexistran 2,1 noites de media. No ámbito dos hoteis en particular a variabilidade é tamén importante e sitúase entre 1,6 noites naqueles de dúas e tres estrelas, 1,8 noites nos de catro e cinco estrelas e 2,2 noites nos de unha estrela. Ao contrario do que acontece nas temporadas media e alta, o valor da estadía non está correlacionado coa categoría do aloxamento, e dáse unha circunstancia propia da temporada baixa -coa cifra máis alta xustamente no segmento de categoría máis baixo-.
- A estabilidade do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta descende levemente en termos interanuais -o número de prazas dispoñibles cae un 1,6%- . Isto leva a certa estabilidade dos niveis de ocupación en relación ao 2025 -a variación rolda as tres décimas porcentuais- para situarse no 23,6% de media-.
- Son catro anos consecutivos nos que o nivel de ocupación apenas presenta variacións significativas, manténdose no 23,6% de 2023 a agora 2026. Esta porcentaxe supera os valores previos á pandemia.
- Tal circunstancia mantén o dato de Galicia nunha posición baixa no ranking estatal -é en realidade, a cifra máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias marca agora en xaneiro, por cuarta vez consecutiva desde abril do pasado ano, a porcentaxe máis elevada cun 73,1% de media -igual que o fixo no primeiro trimestre de 2025 e substituíndo a Baleares que liderou o ranking de ocupación de abril a setembro-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda neste mes para a nosa comunidade.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 61,0 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 6,1%- así como o valor de 2020 -nun 20% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de xaneiro. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras soben igualmente pero con menor intensidade -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 1,9%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición baixa a nivel estatal -presenta, en realidade, a tarifa media máis baixa de todas as comunidades autónomas-. Canarias, con 150,5 euros, presenta en cambio as tarifas máis elevadas neste mes.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións mantense tamén estable- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 6,1% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 12,2% situándose en 18,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible -a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 17 euros neste primeiro mes do ano.



- Galicia fica tamén neste ámbito nunha posición baixa respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -marca, en realidade, o valor máis baixo de todo o Estado-. Con 129,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Canarias marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de algo máis de 12,5 millóns de euros no mes de xaneiro, cifra que supera nun 4,6% o dato do pasado ano. Con este incremento supera tamén toda a serie anterior a 2025, ficando así como a cifra máis alta da serie histórica.
- Descontando o efecto da inflación o crecemento medio dos ingresos hoteleiros sitúase no 2,6%.



ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xaneiro 2016-26




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xaneiro 2026/25






Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Xaneiro 2026




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Xaneiro 2026/25




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xaneiro 2026/25




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Xaneiro 2026/25






Fig. 7. Evolución da estadía media. Xaneiro 2016-26




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Xaneiro 2016-26






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xaneiro 2014-26




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xaneiro 2014-26

